

A TODOS OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

O antigo Comité de Empresa da Fábrica de Armas e os traballadores despedidos, vos comunican que mañán **Venres día 29 de Setembro de 2017, concentrarémonos a partir das 12,00 h. ante a Delegación do Goberno (Praza de Ourense, Nº 11 – A Coruña)**, en demanda de que o Sr. Villanueva cumpra cos compromisos adquiridos e nos informe do resultado das xestións que iba a realizar sobre as denuncias que presentamos das presuntas irregularidades do proceso da adxudicación das instalacións da Fábrica de Armas a Hércules de Armamento.

Támén cúmprese tres anos e catro meses desde que en base ao compromiso político adquirido nese momento polo Ministerio de Defensa, pola Xunta de Galicia, e o Alcalde de A Coruña (Sr. Negreira), solicitóusenos que abandonáramos o encerro que mantiñamos na Factoría desde Xuño do ano 2013, o cal era condición imprescindible para a convocatoria dun concurso público que posibilitara a implantación dun proxecto industrial para reiniciar a actividade da antiga Fábrica de Armas.

Pois ben, está claro que os traballadores despedidos cumprimos co que se nos solicitou, así mesmo e palpable e tanxible que quen incumpriu e segue a incumprir é o Ministerio de Defensa, xa que é obvio que as nosas denuncias sobre que Hércules de Armamento era **“un bluff” e “un proxecto sin contido industrial”**, o ratifica que os traballadores contratados por Hércules de Armamento non cobran os seus salarios, a empresa Hércules de Armamento non paga a Seguridade Social, nin a Facenda Pública nin o canón de arrendamento das instalacións, e tenunha débeda acumulada de máis de 6 millóns de euros, **¿entón preguntámonos unha vez máis, quen é o que está a avalar desde as Administracións unha situación ilegal?**, que está claro que ten intereses non confesables cara os cidadáns, e con posibles connotacións dun novo escándalo público co proceso de adxudicación da antiga Fábrica de Armas a Hércules de Armamento.

Sen máis, como sempre, darvos as grazas polo tratamento que nos dades, aínda que poidamos entender que a nosa problemática e moi longa e para algúns cansina, pero debido aos posibles intereses ocultos e especulativos da trama que xa denunciámos en Setembro de 2014, de que Hércules de Armamento era un “bluff”, xa que non había nin capacidade técnica nin industrial nin económica para acometer o relanzamento da antiga Fábrica de Armas, seguiremos coas nosas mobilizacións mensuais hata que este proceso salga a luz pública para coñecemento do conxunto da cidadanía.

A Coruña, 28 de Setembro de 2017



Asdo.: Roberto Teijido Corral
Presidente antigo Comité de Empresa